



Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Participacion Cidadana – GPV	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/12	PAR18I003V
5747 4N63 346B 3X6L 1AT1	

Asunto: Informe de valoración da proposta técnica presentada para a contratación do servizo de execución do programa municipal de participación cidadá.

Destinatario: Departamento de contratación

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do Servizo Sociocomunitario municipal, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte informe:

1. Antecedentes

Tendo en conta os antecedentes que constan no expediente de contratación CON/2024/12 para a contratación da Asistencia técnica para a execución do Programa Municipal de Participación Cidadá, examinouse a proposta técnica da oferta presentada por Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega (CIF F70418439), e procedeuse a puntuala aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adxudicación e os establecidos no prego técnico.

2. Normativa aplicable

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación da Asistencia técnica para a execución do Programa Municipal de Participación Cidadá.

Prego de prescricións técnicas que rexen a contratación da Asistencia técnica para a execución do Programa Municipal de Participación Cidadá.

3. Valoración da calidade técnica da proposta. Puntuación máxima 50 puntos.

Para a valoración deste apartado se tivo en conta que estivese redactado conforme o punto 6.b) do informe para a redacción do prego administrativo: A extensión máxima deste apartado será de 25 páxinas (sen contar a carátula e o índice), tamaño DIN A4, tipo de letra Arial, tamaño 11, aliñación xustificada, entreliñado sinxelo.

Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega cumpre os requisitos de presentación do proxecto.

Ademais, se teñen en conta os seguintes criterios de valoración recollidos no apartado indicado.



- Coñecemento da realidade participativa e do asociacionismo en Narón (ata 10 puntos).
- Obxectivos. Contidos. Técnicas procedimentais de intervención e materiais a empregar en cada unha das accións que compoñen o proxecto (ata 13 puntos).
- A empresa presenta un plan publicitario e divulgativo do proxecto, no que se reflicten os medios utilizados, colectivos destinatarios, canais, temporalidade etc..) e presentan unha congruencia lóxica entre os seus elementos (ata 12 puntos).
- Inclusión das perspectivas de xénero e as diversidades ao longo do proxecto (ata 5 puntos).
- Proceso de avaliación. Indicadores e ferramentas de seguimento e avaliación de cada unha das accións que compoñen o proxecto (ata 5 puntos).
- Capacidade organizativa e xestión do persoal. Organigrama. Tarefas asignadas ao persoal adscrito ao contrato (ata 5 puntos).

3.1. Coñecemento da realidade participativa e do asociacionismo en Narón. A puntuación máxima son 10 puntos, distribuídos do seguinte xeito: Coñecemento do punto de partida: análise DAFO da participación en Narón no momento actual (2 puntos); Coñecemento das asociacións existentes en Narón (2 puntos); Rexistro de asociacións (1 punto); Programas de participación comunitaria en Narón (1 punto); CCS municipais (1 punto); Regulamentos de participación cidadá. (Regulamento de uso de locais e dependencias municipais do Concello de Narón) (1 punto); Coñecemento dos consellos de participación existentes en Narón (escolar, sectorial de igualdade, territoriais) (2 puntos).

A empresa realiza unha análise DAFO da participación en Narón no momento actual: 2 puntos.

A empresa mostra coñecementos sobre as asociacións existentes en Narón: 2 puntos.

A empresa referencia o Rexistro de asociacións: 1 punto.

A empresa non establece de forma clara os distintos programas de participación comunitaria en Narón: 0 puntos.

A empresa non fai referencia clara aos CCS municipais: 0 puntos.

A empresa fai referencia ao Regulamento de participación cidadá, pero non ao Regulamento de uso de locais e dependencias municipais do Concello de Narón (puntuaríase 0.5 puntos por referenciar cada un deles): 0.5 puntos.

A empresa referencia os consellos territoriais e o consello xeral, pero non menciona o consello escolar e o sectorial de igualdade (puntuaríase con 0.5 puntos por referenciar cada un deles): 1 punto.

Puntuación: 6.5 puntos.

3.2. Obxectivos. Contidos. Técnicas procedimentais de intervención e materiais a empregar en cada unha das accións que compoñen o proxecto. A puntuación máxima son 13 puntos, distribuídos do seguinte xeito: Adecuación dos contidos presentados aos obxectivos e liñas de actuación (3,25 puntos); Define o proceso de captación e motivación das persoas para a participación no programa (3,25 puntos); Define con precisión os materiais a utilizar en cada unha das accións (3,25 puntos); As técnicas procedimentais aparecen definidas en cada unha das accións do proxecto (3,25 puntos)

A empresa presenta unha adecuación dos contidos presentados aos obxectivos e liñas de actuación: 3,25 puntos.

A empresa non define o proceso de captación e motivación das persoas para a participación no programa: 0 puntos.



A empresa só define con precisión os materiais a utilizar na acción de espazos de participación escolar para o alumnado, das 5 accións que se formulan (puntuaríase con 0.65 puntos por referenciar os materiais en cada unha delas): 0.65 puntos.

A empresa define as técnicas procedimentais en cada unha das accións do proxecto: 3,25 puntos.

Puntuación de 7.15 puntos.

3.3. A empresa presenta un plan publicitario e divulgativo do proxecto, no que se reflicten os medios utilizados, colectivos destinatarios, canais, temporalidade etc..) e presentan unha congruencia lóxica entre os seus elementos. A puntuación máxima son 12 puntos, distribuídos do seguinte xeito: O plan publicitario é transversal e integrador para todas as accións do proxecto (2,40 puntos); Medios e actuacións concretas para a difusión do proxecto. Proposta final de visibilización cara a cidadanía do traballo realizado (2,40 puntos); Establece os colectivos destinatarios (2,40 puntos); Establece unha temporalización (2,40 puntos); Accións específicas para conseguir a participación de novos colectivos (2,40 puntos).

A empresa presenta un plan publicitario transversal e integrador para todas as accións do proxecto: 2,40 puntos.

A empresa presenta os medios e actuacións concretas para a difusión do proxecto. Proposta final de visibilización cara a cidadanía do traballo realizado: 2,40 puntos.

A empresa non establece os colectivos destinatarios: 0 puntos.

A empresa establece unha temporalización: 2,40 puntos.

A empresa non establece accións específicas para conseguir a participación de novos colectivos: 0 puntos.

Puntuación: 7.2 puntos.

3.4. Inclusión das perspectivas de xénero e as diversidades ao longo do proxecto. A puntuación máxima son 5 puntos, distribuídos do seguinte xeito: O proxecto presentado pola empresa utiliza na súa redacción unha linguaxe inclusiva (1 punto); O proxecto presenta accións encamiñadas a lograr unha participación igualitaria entre mulleres e homes (1 punto); O proxecto presenta accións encamiñadas a lograr unha maior participación xeral de persoas con diversidade funcional (1 punto); O proxecto presenta accións encamiñadas a lograr unha maior participación específica de persoas en situación de vulnerabilidade (1 punto); Na avaliación de resultados presentan os datos desagregados por sexo (1 punto)

O proxecto presentado pola empresa utiliza na súa redacción unha linguaxe inclusiva: 1 punto.

O proxecto presenta accións encamiñadas a lograr unha participación igualitaria entre mulleres e homes: 1 punto.

O proxecto non presenta accións encamiñadas a lograr unha maior participación xeral de persoas con diversidade funcional: 0 puntos.

O proxecto non presenta accións encamiñadas a lograr unha maior participación específica de persoas en situación de vulnerabilidade: 0 puntos.

Na avaliación de resultados a entidade presentan os datos desagregados por sexo: 1 punto.

Puntuación: 3 puntos.

3.5. Proceso de avaliación. Indicadores e ferramentas de seguimento e avaliación de cada unha das accións que compoñen o proxecto. A puntuación máxima son 5 puntos, distribuídos do seguinte xeito: A empresa define un mecanismo de avaliación para cada



unha das accións e do proxecto no seu conxunto (2 puntos); Define claramente os indicadores de avaliación que vai utilizar en cada unha das accións (1,5 puntos); Presenta unha avaliación na que se ten en conta as diferentes persoas participantes no proxecto (equipo técnico, entidades asociativas e cidadanía) (1,5 puntos).

A empresa define un mecanismo de avaliación para cada unha das accións e do proxecto no seu conxunto: 2 puntos.

A empresa define claramente os indicadores de avaliación que vai utilizar en cada unha das accións: 1,5 puntos.

A empresa presenta unha avaliación na que se ten en conta as diferentes persoas participantes no proxecto (equipo técnico, entidades asociativas e cidadanía): 1,5 puntos.

Puntuación: 5 puntos.

3.6. Capacidade organizativa e xestión do persoal. Organigrama. Tarefas asignadas ao persoal adscrito ao contrato. A puntuación máxima son 5 puntos, distribuídos do seguinte xeito: Presenta un organigrama claro do equipo profesional que vai formar parte do proxecto(persoal técnico, coordinación, administración, técnico publicitario) (1,5 puntos); Define claramente as funcións de cada unha das persoas que van intervir no proxecto (2 puntos); Réxime de substitucións do persoal no caso de baixas, ausencias, etc. (1,5 puntos).

A empresa non presenta un organigrama claro do equipo profesional que vai formar parte do proxecto persoal técnico, coordinación, administración, técnico publicitario): 0 puntos.

A empresa define claramente as funcións de cada unha das persoas que van intervir no proxecto: 2 puntos.

A empresa non presenta un réxime de substitucións do persoal no caso de baixas, ausencias, etc.: 0 puntos.

Puntuación: 2 puntos.

4. Conclusións

Puntuación total: 30.85 puntos.

O proxecto presentado por Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega acada unha puntuación de 30.85 puntos, superando o mínimo de 25 puntos.